




Anotada en el Libro de Resoluciones

de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/1413/2020  
24/03/2020

|   |                          |
|---|--------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION   | Documento<br>430141002K  |
| Código de verificación<br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | Expediente<br>430/2020/6 |

## RESOLUCIÓN

### INSTRUCCIÓN EN RELACION ÁS PRESTACIÓN DERIVADAS DOS CONTRATOS PÚBLICOS NO SECTOR PÚBLICO MUNICIPAL DO CONCELLO DA CORUÑA, CON OCASIÓN DO COVID-19: APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 8/2020, DE 17 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES EXTRAORDINARIAS PARA FACER FRONTE AO IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL DO COVID 19


#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- Por Decreto da Alcaldía de data 12 de marzo do 2020 acordouse a declaración de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia declarada polo COVID-19, no que se dispoñía a adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e a salubridade públicas e o funcionamento dos servizos imprescindibles e, en xeral, de todas as necesarias para facer fronte á crise sanitaria actual e ás súas consecuencias no municipio da Coruña.

- Tamén por Decreto da Alcaldía desa mesma data, ordenouse o peche ao público das instalacións municipais que se relacionaban no devandito decreto, así como a cancelación de actividades organizadas polo concello e as súas entidades dependentes.

- Por Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do mesmo día, déuselle publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo de 2020, polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da pandemia do COVID-19.



|   |                          |
|---|--------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION   | Documento<br>43014I00QK  |
| Código de verificación<br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | Expediente<br>430/2020/6 |

- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, declarouse o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19:

O artigo 6 dese RD sinala: *“Cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5.”*

- Con data 12 de marzo de 2020, aprobouse o Real Decreto-Lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.


- Con data 17 de marzo, aprobouse o Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Concretamente, o seu artigo 34 establece medidas en materia de contratación pública para paliar nese ámbito as enormes consecuencias económicas pero tamén sociais e humanas.

Na Exposición de Motivos da norma referida explíctase, con carácter finalista, que:

*“Establécense medidas para evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, impedindo a resolución de contratos públicos por parte de todas as entidades que integran o sector público e evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades que integran a Administración local e todos os seus organismos públicos e entidades de dereito público teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo. Para evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as CCAA ou a Administración local para combatelo poidan dar lugar á resolución de contratos do sector público prevese un réxime específico de suspensión dos mesmos.”*

De conformidade co marco legal extraordinario e urxente mencionado faise necesario fixar, co rango de instrución, unhas directrices xerais a empregar no marco das relacións contractuais e prestacionais deste concello (extensible, tamén, ao conxunto dos entes instrumentais dependentes de calquera natureza), cos diferentes adxudicatarios ou



|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

prestadores de bens e servizos, co obxectivo de manter uns criterios uniformes e homoxéneos, sen prexuízo das adaptacións ás circunstancias extraordinarias actuais.


Con carácter xeral, polo tanto, a interpretación a efectuar do artigo 34 do citado Real Decreto-lei 8/2020 é que a finalidade da disposición é a protección do contratista que teña dificultades para a execución dos contratos públicos dos que é adxudicatario, debido á emerxencia sanitaria que motivou a declaración do estado de alarma. Polo tanto, non se produce a suspensión automática dos contratos por ese motivo, se os contratistas poden seguir excutando adecuadamente o contrato, puidendo non operar a súa suspensión, e para efectuar esta terá que ser instada polo propio contratista, previa xustificación das circunstancias que permitan acordala e que corresponderá apreciar ao órgano de contratación competente.

Así se configura no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, e tamén se desprende da exposición de motivos e da interpretación íntegra do seu articulado ao establecer medidas de garantía da liquidez para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias, reducir os custos de mantemento das empresas gravemente afectadas pola paralización da actividade económica, o mantemento do capital humano xa formado, garantindo a actividade empresarial e as relacións laborais; destacar, neste sentido, o carácter preferente do traballo a distancia, así como a adaptación do horario e a redución da xornada.

Visto o informe emitido polos servizos municipais, incorporado ao expediente, e que se incorpora como motivación desta Resolución ao abeiro do artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; e tendo en conta que o artigo 124.4 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local autoriza a “adoptar as medidas necesarias e adecuadas en caso de extraordinaria e urxente necesidade”, circunstancia obxectiva que se deriva do impacto económico e social do COVID-19.

Visto o Decreto de Alcaldía de 12 de marzo de 2020 sobre as facultades conferidas ao concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, mediante a utilización da delegación de firma.



|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1061 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

En base a todo o exposto anteriormente, **APRÓBANSE AS SEGUINTE**  
**INSTRUCCIÓN**S:

**PRIMEIRA.-** Ningún contrato ou actividade prestacional, de carácter sucesivo, dimanante dun contrato do Concello da Coruña ou das súas entidades instrumentais se entenderá suspendido automaticamente como consecuencia das medidas urxentes e extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19.

**SEGUNDA.-** Determinar, especificamente, que os contratos para as prestacións de servizos de seguridade, limpeza e mantemento de sistemas informáticos, así como os contratos de servizos e subministracións e as prestacións derivadas para garantir a mobilidade e a seguridade das infraestruturas e dos servizos de transporte non poden ser obxecto de suspensión, en ningún caso, como consecuencia da pandemia do COVID-19 e das medidas adoptadas polo Estado, polas Comunidades Autónomas ou pola Administración local para combatela.


Tampouco serán obxecto de suspensión, como consecuencia da pandemia COVID-19, os contratos relacionados cos servizos de recollida e tratamento de lixo, cos servizos de benestar social e atención ás persoas vulnerables; así como coa atención cidadá (010) e todos aqueles que se determinen por resolución do órgano de contratación por considerarse necesarios para garantir a continuidade dos servizos públicos esenciais.

A materialización das prestacións queda suxeita ao poder de dirección público sobre a concreta execución, nos termos recollidos no último parágrafo do apartado cuarto desta instrución.

Esta decisión queda subordinada ao que se acorde pola autoridade competente, nos termos do artigo 34.6 do Real Decreto-Lei 8/2020.

**TERCEIRA.-** As prestacións contractuais, cuxa execución resulte imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas para combatelo e, singularmente, as afectadas polo Decreto de Alcaldía de 12 de marzo de 2020, sobre peche de instalacións e cancelación de actividades; así como a suspensión da prestación do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento de vehículos



|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

nas vías públicas regulado con limitación horaria (ORA), non se consideran suspendidas aos efectos previstos no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, agás as medidas adoptadas en beneficio da cidadanía como a suspensión do cobro da ORA.

A súa suspensión require petición expresa e xustificada da adxudicataria da prestación contractual e autorización expresa do órgano de contratación, conforme ao establecido no artigo 34.1 do devandito Real Decreto-lei 8/2020. A estes efectos deberá seguirse a tramitación establecida no citado precepto, a instancia do contratista, e previa xustificación polo mesmo das circunstancias que se establecen no parágrafo sétimo do artigo 34.1 de imposibilidade de execución do contrato, que se apreciarán, motivadamente, polo órgano de contratación, seguindo o procedemento establecido e no que deberá emitir informe-proposta a persoa responsable do contrato e autorización da Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior, a fin de que o órgano de contratación emita unha resolución nos cinco días naturais seguintes. Transcorrido ese prazo sen notificarse resolución expresa ao contratista esta deberá entenderse desestimatoria.


**CUARTA.-** As prestacións correspondentes aos contratos públicos de servizos ou subministracións, que non teñan o carácter de prestación sucesiva e que non perdan a súa finalidade como consecuencia da situación de feito provocada polo COVID-19 continuarán executándose.

Os ditos contratos poderían ser obxecto de ampliación do prazo inicial ou da prórroga en curso se o contratista incorrese en demora como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, polas Comunidades Autónomas ou pola Administración local para combatelo.

Será preciso que o pida o contratista, que debe garantir o cumprimento dos seus compromisos, e que se emita informe-proposta por parte da persoa responsable do contrato, no que se determine que o retraso non é imputable ao contratista, senón que se produce como consecuencia do COVID-19.

O período de ampliación do prazo inicialmente previsto ou da prórroga en curso será equivalente ao tempo perdido a consecuencia do COVID-19, agás que o contratista ofrezca outro menor.



|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

Nas prestacións contractuais que non teñan o carácter de prestación sucesiva e, producida a demora polo COVID-19, os contratistas deberán solicitar, esa ampliación, no prazo máximo de quince días desde que se produza a causa do retraso, de conformidade co previsto no artigo. 100 do RD 1098/2001 (RXLCAP).

A concesión da ampliación do prazo inicial ou da prórroga corresponde ao órgano de contratación, previo informe-proposta da persoa responsable do contrato, coa conformidade da respectiva área ou concellaría delegada.

Os poderes de dirección públicos na execución do contrato e das prestacións canalizarán as interpretacións que permitan adaptar as prestacións ás circunstancias do estado de alarma e ás medidas adoptadas para combater o COVID-19, co fin de satisfacer as finalidades institucionais e as necesidades perseguidas coa contratación da que se trate e a consecución do interese público subxacente de paliar, neste ámbito, as enormes consecuencias económicas, pero tamén sociais e humanas, da crise sanitaria.

Estas facultades serán aplicables ás prestacións referidas no apartado segundo e terceiro desta instrución.

**QUINTA.-** As prestacións correspondentes aos contratos públicos de obras continuarán a súa execución.


Excepcionalmente, caberá prorrogar o prazo final de entrega da obra, sempre que non se poida cumprir como consecuencia da situación creada polo COVID-19 ou polas medidas adoptadas polo Estado, sempre que no programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra estivera prevista a súa finalización entre o 14 de marzo (declaración do estado de alarma) e a data da súa finalización, incluídas as súas prórrogas.

Serán os propios servizos de prevención (por conta propia ou allea) de cada unha das empresas, nos contratos de obras, os que determinen as medidas de protección que se implementarán entre os/as traballadores/as, atendendo para isto ás indicacións que se realicen desde os organismos competentes en materia de saúde pública.

Serán os responsables de cada empresa contratista os encargados de transmitir as medidas adoptadas aos respectivos coordinadores de seguridade.





|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

No caso de que o director de obra ou o coordinador de seguridade e saúde sexa un empregado público municipal, o desenvolvemento das súas funcións deberá axustarse ao disposto na instrución dirixida ao persoal do Concello ditada o pasado 15 de marzo.


**SEXTA.-** As prestacións correspondentes a contratos de concesión de obras e servizos e contratos de xestión de servizos públicos non son legalmente obxecto de suspensión.

Só caberá o restablecemento do equilibrio económico, de ser procedente, nas circunstancias e cos trámites previstos no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, a instancia do contratista e previo informe-proposta da persoa responsable do contrato, coa conformidade da respectiva dirección e/ou concellaría delegada, e finalmente co informe favorable e a autorización da Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior. En todo caso, o órgano de contratación debe apreciar a imposibilidade de execución das prestacións contractuais como consecuencia da situación creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia ou o propio concello para combatelo.

Finalizado o estado de alarma, as empresas afectadas, no prazo máximo dun mes, deberán instar a tramitación do reequilibrio económico do contrato, pola situación xerada polo COVID-19 e as medidas adoptadas para superalo. Vencido este prazo, entederase decaído o dereito ao trámite previsto no artigo 34.4 do Real Decreto Lei 8/2020, sen prexuízo do establecido na lexislación de contratos do sector público. No caso de que se prorrogue o estado de alarma máis alá da data prevista do 11 de abril, pendente de autorización polo Congreso dos Deputados, e para non prexudicar ás concesionarias e ao seu persoal, a solicitude de reequilibrio podería tramitarse sen agardar a que finalice esa devandita prórroga ou outras sucesivas que se poidan declarar.

**SÉTIMA.-** Todas as persoas e entidades xurídicas que realicen prestacións para o sector público municipal da Coruña, como indicación xeral e transversal, deberán adoptar as medidas que salvagarden a saúde e a seguridade dos seus traballadores fronte aos posibles riscos derivados do COVID-19, mediante a utilización de medios de protección ou a adopción de medidas de organización do traballo. Deberán cumprirse as disposicións e instrucións ditadas nesta materia polas autoridades competentes.



|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

**OITAVA.-** Establécese a permanente comunicación de todas as persoas e entidades que realicen prestacións para o sector público municipal do Concello da Coruña, a través das concellarías delegadas competentes, coa finalidade de dar pronta resolución ás cuestións que poidan presentarse no desenvolvemento diario dos traballos, así como das puntuais actualizacións das ordes de servizo, co fin de tomar as medidas preventivas necesarias, especialmente nas tarefas máis sensibles.

**NOVENA.-** As persoas responsables dos contratos e prestacións afectados polas medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, previstas no Art. 34 do Real Decreto Lei 8/2020, e que non fosen obxecto de suspensión autorizada, e en calquera caso as concellarías-delegadas, no exercicio das facultades de dirección da execución, velarán por que se manteña a totalidade do persoal adscrito á execución de cada contrato e prestacións, verificando a súa alta na Seguridade Social e o pagamento das nóminas ás persoas empregadas e tamén aos subcontratistas ao tramitar as certificacións ou facturacións correspondentes, cando menos, nos tres meses posteriores a que se levante o estado de alarma e a emerxencia sanitaria no territorio de Galicia, declarada por Resolución do 13 de marzo.

O recoñecemento das obrigas relativas ás prestacións derivadas ou afectadas pola aplicación desta instrución deberá incorporar un informe-proposta da persoa que efectúe o seguimento do contrato ou das prestacións derivadas do mesmo, co visto bo da Concellaría-delegada correspondente.


**DÉCIMA.-** Estas instrucións son de aplicación a todos os contratos ou relacións xurídicas de orde prestacional do sector público municipal (Concello e entidades instrumentais).

**UNDÉCIMA.-** A aplicación desta resolución, que contén as instrucións relativas ás prestacións levadas a cabo por terceiros, en relación co sector público municipal da Coruña, farase baixo a coordinación da Dirección da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior.

So sé poderán tramitar gastos sen consignación orzamentaria no exercicio económico 2020 baixo a autorización da Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior.





|  |                                 |
|--|---------------------------------|
| CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR<br>SERVIZO DE CONTRATACION  | <i>Documento</i><br>43014I00QK  |
| <i>Código de verificación</i><br><br>162S 036U 5C2J 1O61 0FOQ | <i>Expediente</i><br>430/2020/6 |

**DUODÉCIMA.**- Dar traslado desta instrución ás concellarías delegadas e ás direccións de área co fin de que a comuniquen ás unidades dependentes e ás persoas e entidades que desenvolvan as prestacións públicas relacionadas.

**DÉCIMO TERCEIRA:** Dar conta inmediata á Comisión de Voceiros e, na primeira sesión que se celebre, ao Pleno da corporación e á Xunta de Goberno como órgano con competencias en materia de contratación.

A Coruña, na data da súa sinatura dixital deste documento electrónico.

O concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior.

(P.D. Decreto de Alcaldía do 12 de marzo de 2020)

Asdo, José Manuel Lage Tuñas.